

O Concello de Porto do Son, informa que no Diario Oficial de Galicia núm. 4 do 5 de xaneiro de 2018, sae publicado a ORDE do 15 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2018 dentro do **Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia**, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180105/AnuncioG0244-201217-0005_gl.pdf

Destino das subvencións: Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teña un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles vinculados a acadar una eficaz prestación dos servizos de interese veciñal análogos aos encadrados como servizos básicos municipais na lexislación de réxime local e mellora da vida local nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídos os camiños veciñais e as traídas de auga xestionadas polas comunidades de usuarios de augas.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o derradeiro.